




1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Golfo Ártabro. Sector: Rías de Ares e Betanzos. Concello: Ares e Mugardos. Parroquia: San Xosé de Ares abarca toda a parte central e oriental da unidade; San Xulián de Mugardos e San Vicente de Meá ocupan as esquinas ao norte.; Santiago de Franza e San Vicente de Caamouco ocupan o NE. e SE.; e San Xoán de Piñeiro ocupa unha esquina ao noreste. Extensión: 9,40km²

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Ampla enseada e aberta cunca de topografía suave orientada cara ao sur. As chairas intermareais, de dominio areoso, dan paso a unha chaira con depresión central que ascende moi gradualmente sen pendentes rechamantes. Os ríos do Cacho, da Xunqueira e Baixolo degradan parcialmente esa superficie de nivel antiga costeira dos 100/200m.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Dominio da "Serie de Ordes", composto por materiais metamórficos, xistos e cuarxozistos, de idade precámbrica-silúrica. Existe unha banda de anfibolita antehercínica no Raso e bandas case meridiana de xistos filíticos. Estas bandas atravesan toda a unidade desde as puntas Centeás e Sardiñeiro ata o norte da unidade á altura de Pedrós. No cuaternario destaca a cobertura detrítica da depresión de Ares e os sedimentos areosos da súa enseada.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Vertente costeira pertencente ao dominio climático Cálido e Subhúmido onde a precipitación acumulada anual non supera os 1200mm e a temperatura media acadada valores por riba dos 15°C. A oscilación térmica media anual é inferior a 12,5°C.

OS SOLOS

Topografía suave e certa homoxeneidade edáfica. Domina o cambisol eútrico. O alto de San Xoán de Piñeiro contén un umbrisol dístico, mentres a parte alta do val do Rego do Cacho, entre Lubre e Maiobre, desenvolve un fluvisol háptico. Ares presenta antrois no seu núcleo urbano.


AS AUGAS

A masa de Augas Costeiras da Ría de Ares e Betanzos (20096) recibe achegas de augas continentais da unidade. A rede fluvial artículase en torno aos vales do Río Baixolo, que desauga entre as praias da Campa e do Raso, e sobre todo do Río da Xunqueira, o de maior extensión e que verte na praia da Cascada tamén na Enseada de Ares.

O PATRIMONIO NATURAL

Costa areosa na que se desenvolve o hábitat 1210, "Vexetación anual sobre refugallo mariños acumulados" pero, sobre todo os de 1110 e 1140, de bancos areosos e / ou lamacentos intermareais e submareais, especialmente na Enseada de Ares. Nunha unidade moi chaira que desenvolve áreas hidromorfas de gran talla con bosques de ribeira asociada de gran valor pola súa talla e densidade ecolóxica. Ao norte da capital superanse as 30ha de masas ripícolas e existen unhas 18ha de área hidromorfa. As masas mixtas procedentes de carballeiras e soutos costeiros, 9230-9260 tamén teñen especial presenza, con masas moi extensas ao oeste e norte da vila de Ares, ademais da metade oriental da unidade. Por último, as áreas hidromorfas contan cos hábitats 6420, "Prados húmidos mediterráneos de herbas altas do Molinion-Holoschoenion e 6430, megaforbios eutrofos higrófilos.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

A utilización do solo presenta fortes discontinuidades, e non é fácil identificar un uso homoxéneo ou predominante sen que diferentes actividades e usos o interrompan. As terras de cultivo que ocupaban a maior parte do territorio consérvanse cunha certa integridade na zona de Maciñeiras (ao oeste de Ares, no extremo occidental da unidade) e, en menor medida, no Feral (próximos ao núcleo de Pedrós, na parte norte). Nas cotas máis altas (a partir dos 25-50 metros sobre o nivel do mar), nos límites noreste e noroeste, o solo está ocupado na súa práctica totalidade por bosques de repoboación e masas de vexetación mixta. Ao longo dos dous ríos principais, A Xunqueira e Baixolo, mantense bastante superficie de vexetación de ribeira. Na franxa litoral que ocupa aproximadamente os primeiros 500 metros desde a liña de costa predominan as actividades residenciais, aínda que sen chegar a constituir un continuo urbano xa que se alternan con bosquetes ou áreas que aínda manteñen o seu uso agrícola orixinal.

MORFOLOXÍA

O máis característico respecto á estrutura de asentamentos desta unidade é a situación do núcleo de Ares, capital do concello de mesmo nome cunha poboación próxima aos 4.000 habitantes. A Real e Mariñeira Vila de Ares conserva ben a súa estrutura urbana tradicional, incluíndo a pegada do seu pasado xudeu, consecuencia da importante colonia hebrea que se estableceu no século XV fuxindo da persecución dos Reis Católicos. Os outros núcleos tradicionais que encontramos no territorio, Pedrós, Seselle, e O Outeiro de Barracido, situados a media ladeira nas vertentes dos ríos Xunqueira e Baixolo, conservan a día de hoxe a súa estrutura e compacidade orixinais. O importante crecemento residencial que se produciu nesta unidade fíxose dun xeito disperso, mediante unha tipoloxía de vivenda unifamiliar que se distribúe por toda a fronte litoral, especialmente entre a liña de costa e a estrada C-0401.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

A vía máis importante que articula esta unidade, a C-0401, atravesa o territorio diagonalmente de este a oeste, pasando polo extremo norte do núcleo de Ares. As dúas vías, que dotan de conexión transversal á unidade co interior, apóianse nos vales da Xunqueira e de Baixolo, ademais da AC-130, que sae de Ares cara ao noroeste en dirección a Mugarbos. O extremo noreste da paisaxe é atravesado pola vía de alta capacidade VRG-1.2 de conexión Ares-Mugarbos coa autoestrada AP-9, cunha saída á altura de Pedrós para acceder Ares. O resto de vías menores, que na súa maioría se apoian nos camiños tradicionais das agras de cultivo, son usadas na actualidade moitas veces para sustentar o crecemento disperso no territorio.

PATRIMONIO HISTÓRICO

Os lugares máis importantes respecto ao patrimonio arqueolóxico son o Castro de San Vitorio, no límite norte da unidade, o Castro de Lubre (no Agro do Castro, ao oeste do núcleo de Ares) e o Castro de Ares (nunha elevación de 41 metros de altura entre a praia de Raso e a enseada de Ares). No núcleo de Ares destacan a igrexa parroquial de San Xosé do s.XVIII (BIC), a igrexa de Cervás (erguida no sobre s.XVIII restos dunha igrexa románica), a ponte da Cascada (de orixe romana) e numerosos exemplos de arquitectura etnográfica catalogada. En Lubre, ao oeste da unidade paisaxística, encontramos a igrexa de Santa Olalla, erguida a finais do século XV e un Pazo (coñecido como Pazo de Lubre) de notable interese. Destaca tamén na parte oriental a Ermida da Ascensión de Lodairo (na que o día da Ascensión se celebra unha peregrinaxe procesional), a Ermida de San Xosé en Seselle e o Pazo de Piñeiro.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

Esta unidade atópase fortemente transformada polas actividades humanas que levan a cabo nela. Limitada polo norte polo Alto de Simou, A Xunqueira e A Choca, cubertos parcialmente por bosque de repoboación e masas mixtas procedentes de carballeiras e soutos costeiros, conserva só parte do rico tecido agrícola que outrora lle caracterizou. Os asentamentos dispersos apoiados nas vías xerais de comunicación, orixinados de modo alleo aos modelos tradicionais de ocupación do chan, xeraron unha paisaxe de carácter esvaecido, perdéndose a clara relación xerárquica que antes había entre o núcleo de poboación e as agras de cultivo. Así, o carácter predominante da unidade reside no turismo, cos focos fundamentais nas praias de Ares, da Campa e Raso e o porto deportivo recentemente construído na Punta do Castelo.

DINÁMICA DA PAISAXE

A paisaxe de Ares orixinalmente formábase dun territorio equilibrado pola presenza da capital municipal, que centralizaba as actividades económicas e de servizos non vinculadas cos labores produtivos do terreo. O resto do territorio organizábase nun conxunto de agras de cultivo encabezas polos núcleos tradicionais de Lubre, Pedrós, Seselle e Outeiro de Barracido, que aproveitaban as mellores terras regadas polos vales de Xunqueira e Baixolo e reservaban as cotas máis altas e inaccesibles a labores forestais. Os procesos recentes de abandono da actividade agrícola e a aparición de usos turísticos propiciou (ademais da reconversión do chan a usos forestais e de pasto) a expansión do núcleo cara ás antigas agras do interior e ao longo da costa cara ao leste, mediante unha tipoloxía de residencia unifamiliar moi diseminada que xera un continuo construído sen compacidade nin concentración de servizos ou actividades.

RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

Un dos maiores valores que presenta esta paisaxe é a singular calidade das formacións naturais que conforman a súa fronte litoral e as áreas hidromorfas do val A Xunqueira. O conxunto que forman os areais coas diferentes zonas de paredes rochosas coroadas con vexetación atlántica fai que, a pesar das presións ás que está sometido, destaque como unha paisaxe de especial valor. O carácter identitario de asentamentos litorais, tanto polo seu enclave estratéxico como pola súa vinculación orixinaria ás actividades produtivas relacionadas co mar móstrase tanto na funcionalidade urbana, co NIL de Ares, como no mundo rural, co NIL de Seselle. A pouca altitude que alcanzan as terras interiores desta unidade permiten que as visuais se prolonguen transversalmente á costa, especialmente ao longo dos diferentes vales que caracterizan a paisaxe. A enseada formada polos areais de Raso e da Campa e a fronte marítima do núcleo de Ares posibilita unha percepción do conxunto de toda a unidade desde diferentes lugares de observación.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNNS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN

Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo

- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareais |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantís / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros

Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos











Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |

Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera
-  Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales
-  Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



